

Muface e Seguridade Social

1. Prestacións de muface

1.1. Asistencia médico-cirúrxica

A asistencia médico-cirúrxica ofrécese por un sistema de xestión indirecta a través de concertos con entidades tanto privadas como públicas. Os mutualistas no momento da afiliación e todos os anos, no mes de xaneiro, poden elixir o sistema público ou privado de asistencia e, dentro deste último, a entidade que prefiran das concertadas.

Existe a posibilidade de que os mutualistas podan reclamar a MUFACE diante de calquera incumprimento por parte da Entidade. Se a reclamación se refire a cuestión estimada urxente, MUFACE poderá realizar inmediatamente as xestións que considere para obter a solución axeitada. Se a reclamación se considera non urxente, a mesma pasa a estudo das Comisións Mixtas Provinciais e no caso de desacordo á Comisión Mixta Estatal na que resolve a Dirección Xeral de MUFACE.

O conxunto de dereitos e obrigas dos mutualistas fronte á entidade de asistencia sanitaria concrétese nos respectivos Concertos cuxo texto se publica no BOE. Con carácter xeral, os mutualistas teñen dereito a que a entidade á que están adscritos poña á súa disposición os servizos precisos que figuran no respectivo Concerto. Tamén existe a obriga de utilizar os medios asistenciais da entidade, agás nos casos de denegación inustificada de asistencia e nos de urxencia de carácter vital.

1.2. Prestación ortoprotésica

Prótese con reintegro total

- Ortopédica (agás calzado corrector seriado e soletas ortopédicas).
- Especiais.

Prótese con axuda económica baremada:

- Dentadura superior ou inferior. Dentadura completa. Pezas dentarias. Empastes. Implantes osteointegrados. Ortodoncia antes dos 18 anos.
- Lentes. Substitución de cristais. Lentes de contacto. Prismas.
- Audífonos. Colchón o Colchoneta antiescaras (con ou sen compresor).
- Laringófono. Bomba externa de infusión continua subcutánea de insulina.
- Próteses externas. Vehículos para inválidos. Órtese. Próteses especiais.


Normativa:

Orde APU/2245/2005, de 30 de xuño, pola que se regulan as prestacións complementarias da asistencia sanitaria na Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado e se establece o procedemento de financiamento de bombas portátiles de infusión subcutánea de insulina (BOE nº 167, de 14 de xullo).

1.3. Prestación farmacéutica

Nos tratamentos que se realicen nos internamentos hospitalarios e nos centros de urxencias, a dispensación de medicamentos é gratuíta.

Na dispensación de medicamentos en oficinas de farmacia, corresponde aos mutualistas satisfacer o 30% do prezo e a MUFACE o 70% restante. Nos casos de accidente de servizo ou enfermidade profesional, MUFACE reintegra o 30% pagado. Naqueles medicamentos considerados de achega reducida, o mutualista participa cun 10% sen que o importe total poida exceder de 2,64 €.

Este 30% que paga o/a mutualista mantense tamén durante a xubilación.

1.4. Indemnización por lesións permanentes non invalidantes

As lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia deste, sexa por accidente ou por risco específico do cargo, que sen chegar a constituír incapacidade permanente, supoñan unha alteración ou diminución da integridade física e aparezan recollidas no baremo establecido no Réxime Xeral da S.S. darán dereito a unha indemnización por unha soa vez de acordo coas cantidades alzadas que no devandito baremo se estableza.

1.5. Prestación por fillo ou filla a cargo minusválido ou minusválida

Consiste nunha asignación económica mensual, por fillo/a discapitado, que se establece en función da súa idade, do grao de minusvalía e da necesidade do concurso de outra persoa.

Dentro dos dous mecanismos de cobertura que configuran o Réxime Especial de Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, a prestación por fillo a cargo, cando se trata de discapitados, é xestionada por MUFACE.

Os importes correspondentes ao ano 2007 son os seguintes:

- Axuda económica mensual por fillo discapitado, menor de 18 anos e cunha


- minusvalía en grao igual ou superior ao 33%: 48,47 €/mes. (12 mensualidades).
- Axuda económica mensual por fillo discapacitado, maior de 18 anos e cunha minusvalía en grao igual ou superior ao 65%: 312,43 €/mes (12 mensualidades).
- Axuda económica mensual por fillo discapacitado, maior de 18 anos, con grao de minusvalía igual ou superior ao 75%, que necesita o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida: 468,65 €/mes (12 mensualidades).

1.6. Axuda para adquisición de vivenda

Consiste na cobertura por MUFACE de parte do tipo de interese dos préstamos hipotecarios entregados aos mutualistas por entidades públicas ou privadas de crédito, para compravenda ou para construción propia de vivenda, sempre que se trate de primeira vivenda para domicilio habitual do mutualista.

A axuda é tamén posíbel en caso de compravenda con subrogación nun préstamo hipotecario preexistente. O importe das axudas abonarase directamente por MUFACE, dunha soa vez ao interesado.

As axudas terán carácter subsidiario respecto das de protección social para análogas finalidades que figuren dentro dos Plans de Acción Social das distintas Administracións de destino dos mutualistas, coa fin de evitar duplicidades na utilización e xestión de fondos públicos. Por isto, canda a o impreso de solicitude haberá que achegar un certificado no que conste que non se goza de axudas do Fondo de acción social e mais unha declaración xurada no sentido de que, en caso de ser concedida esta axuda, o solicitante se compromete a devolver a MUFACE a cantidade outorgada por esta mutualidade.

 **Normativa:**
Convocatoria anual no BOE

1.7. Prestacións por estudos universitarios

Esta prestación presenta dúas modalidades:

- Bolsas de estudo para mutualistas: Bolsas de estudo para mutualistas: Consiste nunha axuda económica para cubrir o custo da matrícula e demais gastos de inscrición nos estudos universitarios cursados polos mutualistas. O seu importe será o da cantidade realmente abonada polo mutualista polos gastos de matriculación, co límite máximo de 361,00 euros.
- Bolsas de residencia para fillos e orfos de mutualistas: Consiste nunha axuda económica para cubrir os gastos de residencia nun Colexio Maior Universitario, Residencia Universitaria, ou, ben, Unidade Habitacional, durante nove meses, de fillos ou orfos de mutualistas que cursen estudos universitarios en localidade distinta da do domicilio familiar. Anualmente fíxase o número de bolsas. No caso das

de nova adxudicación, a concesión efectúase a favor dos que obteñan maior puntuación de acordo co baremo establecido. O importe será o dos gastos de residencia xustificadas, até un límite máximo de 421,00 € mensuais.



Normativa:

Convocatoria anual no BOE

1.8. Subsidio de xubilación

Consiste no pago, por unha soa vez, da dupla do importe íntegro de unha mensualidade ordinaria das retribucións básicas que lle corresponda percibir ao funcionario no momento de producirse a xubilación, sempre que esta non sexa voluntaria.

1.9. Subsidio por defunción

Consiste nunha prestación económica de pago único, dirixida a paliar puntualmente a minoración de ingresos que se produce na unidade de convivencia do mutualista cando este falece. A súa contía está en función dos anos que tivese cumpridos o mutualista no momento do seu falecemento, sempre que se atopase en situación de alta ou asimilada á mesma na Mutualidade Xeral, cun mínimo de 1.502,53 €.



Normativa:

Orde APU/95/2004, de 12 de xaneiro, pola que se ditan normas para a aplicación do subsidio por defunción no réxime especial de seguridade social dos funcionarios civís do Estado. (B.O.E. de 27 de xaneiro).

1.10. Axuda de enterro

A Axuda de Enterro é unha prestación cuxa finalidade é contribuír a sufragar os gastos do enterro producidos como consecuencia do falecemento dun beneficiario ou do titular dun documento asimilado ao de afiliación.

Presúmese a condición de beneficiario a do fillo dun mutualista que, reunindo todos os requisitos para ser dado de alta como beneficiario, falecese antes de transcorrer un mes desde a data do seu nacemento.

Da mesma xeito, e sempre que se orixinaron gastos por este concepto, presúmese dita condición do feto que permanecese durante polo menos 180 días no seo materno.

Trátase dunha prestación económica de pago único e por importe de 450,76 €, que se abonará ao mutualista ou, nos casos que proceda, ao novo titular de documento asimilado ao de afiliación, que substitúa ao que falecese.

I.II. Axudas asistenciais

Son axudas económicas que poden percibir os mutualistas en determinados estados ou situacións de necesidade, non cubertas por outras prestacións e que carezan dos recursos indispensábeis para afrontar tales estados ou situacións. Corresponde ás Comisións provinciais de MUFACE a definición dos criterios para estas concesións con suxeición ás normas reguladoras da prestación, aos parámetros de homoxeneización establecidos pola Dirección Xeral de MUFACE, previo informe do Consello Xeral, e aos orzamentos anualmente asignados.

I.I2. Axudas de protección socio-sanitaria

Estas axudas convócanse anualmente no BOE e comprenden os seguintes programas:

- Programas de atención a persoas maiores de 65 anos.
- Programa de atención a enfermos psiquiátricos crónicos.
- Programa de atención a persoas con discapacidade.

I.I3. Axudas por maternidade en caso de parto múltiple

Consiste nunha axuda polo nacemento de dous ou máis descendentes nun mesmo parto, considerándose equivalente a adopción simultánea de dous ou máis menores, que non superen os seis anos de idade a non ser que sexan discapacitados ou teñan especiais dificultades de inserción social e familiar. Pode consistir nun subsidio por maternidade ou nunha prestación económica de pagamento único.



Normativa:

Decreto 843/1976, polo que se aproba o Regulamento xeral do mutualismo administrativo.

Convocatorias anuais publicadas no BOE.

2. Afiliación a Muface

2.1. Afiliación obrigatoria

O funcionariado docente que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Servizo activo.
- Servizos especiais.
- Expectativa de destino.
- Excedencia forzosa.

- Excedencia por coidado de familiares.
- Suspensión provisional ou firme de funcións.

2.2. Afiliación voluntaria

Poden continuar afiliados ou afiliadas como mutualistas voluntarios ou voluntarias:

- O funcionariado en situación de excedencia voluntaria ou que exerceran a opción de transferir os seus dereitos pasivos á Unión Europea.
- O funcionariado que perda dita condición.

2.3. Afiliación como titular non mutualista

Nos casos de falecemento do mutualista e nos de separación, divorcio, etc., os seus familiares poden ser afiliados ou afiliadas como titulares non mutualistas, sempre que non teñan dereito a recibir a asistencia sanitaria a través dalgún dos réximes que integran o sistema de Seguridade social.

2.4. Beneficiarios e beneficiarias

Son beneficiarios e beneficiarias dos e das mutualistas os seus familiares sempre que reúnan o seguintes requisitos:

- Vivir co titular do dereito, dependendo economicamente.
- Non realizar traballo remunerado, nin percibir renda patrimonial, nin pensión, superiores ao dobre do salario mínimo interprofesional.
- Non ter dereito, por título distinto, a recibir asistencia sanitaria da seguridade social en calquera dos seus réximes.



Normativa:

Decreto 843/1976, polo que se aproba o Regulamento xeral do mutualismo administrativo.

3. Enfermidade propia ou risco durante o embarazo-incapacidade temporal

3.1. Contido e duración

No caso de enfermidade ou accidente, 12 meses, prorrogábeis expresamente por outros 6 cando se presuma que durante os mesmos pode a traballadora ou traballador ser

dada ou dado de alta médica por curación. No caso de enfermidade profesional este período pode alongarse, por mor de observación, estudo e diagnóstico até doce meses máis. Sen embargo, cando a extinción da Incapacidade Temporal se produza por transcorrer o prazo máximo fixado, prorrogarase esta situación até o momento que se declare a xubilación por incapacidade permanente. Nos supostos nos que continuando a necesidade de tratamento, a situación clínica da persoa interesada fíxese aconsellábel retrasar a cualificación de incapacidade permanente, esta cualificación poderá retrasarse polo tempo que sexa necesario sen que, en ningún caso, isto dea lugar á declaración de xubilación por incapacidade permanente. A efectos de cómputo de prazos, considerase que existe unha nova enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente, e en todo caso, cando se teñan interrompido as licenzas durante o mínimo de un ano.

Na situación de Incapacidade Temporal, o funcionario ou a funcionaria terá os seguintes dereitos económicos:

- A) Durante os primeiros tres meses, as retribucións íntegras.
- B) Desde o cuarto mes percibirán as retribucións básicas e un subsidio por I.T. a cargo da MUFACE cuxa contía fixa e invariábel mentres dure a incapacidade, será a meirande das dúas cantidades seguintes:
 - O 80% das retribucións básicas, incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondente ao primeiro mes da licenza.
 - O 75% das retribucións complementarias devengadas no primeiro mes da licenza.

A suma das cantidades anteriores non poderá exceder do importe das percepcións que o funcionario ou funcionaria tivera no primeiro mes da licenza.

A concesión do subsidio esixe que o beneficiario ou beneficiaria teña cuberto un período de seis meses de cotización, agás cando a Incapacidade Temporal se producira por accidente de servizo ou enfermidade profesional.

O subsidio extínguese polo transcurso do prazo de 30 meses contados a partir da data na que se iniciou a Incapacidade Temporal.

3.2. Presentación de partes

MUFACE

O funcionariado afiliado á MUFACE presentará o parte antes de cumprirse o cuarto día de ausencia ao posto de traballo. No suposto de risco durante o embarazo, o parte médico deberá acreditar que as condicións do posto de traballo desenvolvido inflúen negativamente na saúde da embarazada, na do feto, ou na de ambos, o risco específico que tales condicións representan para o embarazo e a duración probábel do período de risco.

No caso de que a patoloxía persista e impida a reincorporación do/a funcionario/a ao seu posto de traballo, se o parte inicial fose expedido nos dez primeiros días de mes, o que conteña o primeiro informe médico sucesivo de enfermidade ou accidente emitirase con antelación ao día quince do devandito mes. En caso contrario, o parte deberá emitir-

se con antelación ao último día hábil do mes.

Unha vez emitido o parte que conteña o primeiro informe médico sucesivo, os seguintes emitiranse secuencialmente, con antelación aos días quince e último hábil de cada mes, até alcanzar os tres meses desde o día que se iniciou a incapacidade.

Se os partes que conteñan os informes médicos sucesivos fosen expedidos polo mesmo facultativo que o parte anterior e non cambiase o diagnóstico, non será necesario transcribir de novo os datos, tanto literais como codificados. En tales supostos, o facultativo anotará, textualmente, a expresión "sen variacións", no apartado destinado "datos específicos segundo continxencia".

No caso de risco durante o embarazo, nos tres primeiros meses de licenza expedirse, con carácter xeral, un único parte antes de alcanzarse o cuarto día do inicio da situación de risco. Se se previu unha duración do período de risco inferior a tres meses e se alcanzase esa data sen que desaparecese o risco, será necesario expedir un novo parte acreditativo da situación e do novo período de duración probábel.

Todos os partes a que se refire o presente apartado serán entregados ao órgano de persoal, como moi tarde, ao día seguinte hábil desde a súa expedición. ao comezo do cuarto mes de licenza por enfermidade, accidente ou risco durante o embarazo, o/a mutualista deixará de percibir as retribucións complementarias e comezará a devengar o correspondente subsidio económico por parte de MUFACE.

A solicitude do subsidio por estas continxencias efectuarase polo/a mutualista dirixindo a mesma ao Servizo Provincial de MUFACE ao que se atope adscrito. Esta solicitude poderá ser cursada tamén a través do órgano de persoal correspondente.

O parte de enfermidade ou accidente inmediatamente anterior a aquel en que se cumpran **doce meses** en situación de incapacidade temporal do/a funcionario/a, deberá ir acompañado dun informe médico específico de ratificación, no que consten as doenzas padecidas polo/a funcionario/a e a presunción médica de que, nos seis meses seguintes, pode ser dado/a de alta por curación, co fin de que poida ser prorrogado, no seu caso, o percibo do subsidio económico por incapacidade temporal.

O parte de enfermidade ou accidente inmediatamente anterior a aquel en que se cumpran **dezaoto meses** en situación de incapacidade temporal do/a funcionario/a, deberá ir acompañado dun informe médico específico que se pronunciará sobre os extremos que xustifiquen, desde o punto de vista médico, a necesidade de manter para o mutualista os efectos da incapacidade temporal ou, pola contra, que se trate dun proceso que podería cualificarse de incapacidade permanente.

SEGURIDADE SOCIAL

O funcionariado afiliado ao Réxime Xeral da S.S. ten a obriga de presentar o parte médico de baixa no prazo de cinco días contados a partir do seguinte ao de expedición do parte. O primeiro parte de confirmación da incapacidade expedirse o cuarto día da baixa e os partes sucesivos por semanas vencidas. A presentación destes partes debe realiza-

rase no prazo de dous días contados a partir do seguinte ao da súa expedición.

Documentación necesaria:

Baixa médica oficial

Normativa:

Art.21 e ss.do R.D. Lexislativo 4/2000 da S.S. dos Funcionarios Civís do Estado

Art. 126 e ss. da Lei Xeral da Seguridade Social.

Orde APU/2210/2003, de 17 de xullo, pola que se regula o procedemento das situacións de incapacidade temporal e de risco durante o embarazo, no Réxime Especial da Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado. (BOE de 5 de agosto de 2003)

4. Incapacidade permanente

4.1. Concepto e graos

É incapacidade permanente a situación do funcionario ou da funcionaria que, despois de someterse ao tratamento prescrito e de ter sido dado ou dada de alta médica, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves que diminúen ou anulan a súa capacidade para o servizo. A incapacidade permanente deberá derivarse da situación de incapacidade temporal.

A incapacidade permanente clasifícase nos seguintes graos:

- a) Incapacidade permanente **parcial** para a función habitual. É a que, sen acadar o grao de total, produce limitación para o desempeño das funcións do corpo, escala ou praza.
- b) Incapacidade permanente **total** para a profesión habitual: é a que inhabilita o/a funcionario/a para a realización de todas ou das fundamentais funcións do seu corpo, escala ou praza.
- c) Incapacidade permanente **absoluta** para todo traballo: é a que inhabilita por completo ao funcionario ou á funcionaria para toda profesión ou oficio.
- d) **Gran invalidez**: é a situación do funcionario ou da funcionaria que presente incapacidade permanente absoluta que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, precisa da asistencia de outra persoa para realizar os actos máis elementais da vida.

4.2. Efectos

Incapacidade permanente parcial

O funcionario ou funcionaria con incapacidade permanente parcial percibirá a totalida-

de dos haberes que correspondan ao posto de traballo que efectivamente desempeñe. Deberá someterse aos procesos de rehabilitación que facultativamente se lle indiquen.

Incapacidade permanente total e absoluta

A incapacidade permanente total e a absoluta darán lugar á xubilación do funcionario ou funcionaria, tal como se explicou ao falar da xubilación por incapacidade. No caso de que exista posibilidade razoábel de recuperación, o funcionario ou a funcionaria con incapacitación terá dereito a recibir prestacións recuperadoras a cargo de MUFACE.

Gran invalidez

A gran invalidez orixinará a xubilación do funcionario ou da funcionaria e dará dereito a unha cantidade mensual equivalente ao 50% da pensión de xubilación que lle corresponda, destinada a remunerar á persoa encargada da súa asistencia.



Normativa:

Sección 3ª do R.D. Lexislativo 4/2000 da S.S. dos Funcionarios Civís do Estado.

5. Lesións permanentes non invalidantes

5.1. Concepto

As lesións, mutilacións e deformacións de carácter definitivo causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia do mesmo, que sen chegar a constituír incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez, supoñan unha alteración ou diminución da integridade física do funcionario ou da funcionaria, darán dereito á percepción por unha soa vez das cantidades que se establezan regulamentariamente.



Normativa:

Art. 28 do R.D. Lexislativo 4/2000 da S.S. dos Funcionarios Civís do Estado.